



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2024, PUBLICADA NO DOG Nº 120 DE 21 DE XUÑO DE 2024

## ACTA 6

### PREVISIÓN DE DATAS PARA A REALIZACIÓN DA ENTREVISTA PERSOAL

O artigo 12.h) das bases da convocatoria establece a obrigatoriedade de realizar unha entrevista persoal: “A entrevista poderá realizarse en calquera dos idiomas que o aspirante indicase que fala e coñece, e versará sobre temas de comercio internacional, economía en xeral, coñecementos xerais sobre mercados e países e poderá incluír tamén cuestións sobre o perfil e currículo da persoa solicitante. A entrevista estará encamiñada a valorar a capacidade e aptitude da persoa candidata, así como as características e idoneidade de destino. Soamente accederán á entrevista aquelas persoas candidatas que cumpran cos requisitos mínimos exixidos no artigo 4. A entrevista poderá desenvolverse de xeito en línea ou presencial e a non presentación á mesma suporá a exclusión do proceso de selección, salvo causa de forza maior. No caso de alegacións á lista provisional que publique o Igape que supoñan que a persoa solicitante en cuestión modifique a súa condición de non apto a apto o Igape propondrá unha data para realizar a entrevista á devandita persoa solicitante”.

### O COMITE DE SELECCIÓN INFORMA

1. A previsión para a realización das entrevistas é a primeira quincena do mes de setembro. No mes de setembro comunicarase a aquelas persoas candidatas que cumpran cos requisitos mínimos exixidos no artigo 4, mediante o email indicado na solicitude, a necesidade de escoller día, hora e modalidade presencial ou en liña para a realización da entrevista.

En Santiago de Compostela, na data da firma electrónica.

A subdirectora do Área de Internacionalización do IGAPE



INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA

---

Laura María González-Dopeso Portela